

MEMORIA ANUAL

CURSO ESCOLAR

2013 – 2014



## TÍTULOS

1.- Introducción

2.- Obxectivos xerais

2.1. Actualizar o Proxecto Educativo de Centro

2.2. Avaliación diagnóstica

2.3. Concreción anual do Plan de Introducción das TIC

2.4. Concreción anual do Plan Lector

2.4.1. Grao de cumprimento dos obxectivos

2.4.2. Dinamización da biblioteca escolar

2.4.3. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas

2.4.4. Itinerarios lectores

2.4.5. Actividades

2.4.6. Ler en familia

2.4.7. Avaliación

3.- Concreción do Proxecto de Dirección

4.- Memorias dos equipos docentes de ciclo

4.1. Educación Infantil

4.2. Primeiro ciclo de primaria

4.3. Segundo ciclo de primaria

4.4. Terceiro ciclo de primaria

5.- Equipo de Dinamización da Lingua Galega

6.- Comisión de Coordinación Pedagóxica

7.- Departamento de Orientación

8.- Observatorio da Convivencia

9.- Biblioteca

9.1. Organización e xestión da biblioteca

9.2. Dinamización e promoción dos recursos. Integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.

9.3. Formación de usuarios e educación documental

9.4. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector

10.- Memoria da Comisión TIC

11.- Memoria EACE

11.1. Memoria das Actividades Complementarias

11.2. Memoria do Horto Escolar

12.- Memoria dos Servizos Complementarios

12.1. Transporte escolar
12.2. Servizo de Comedor Escolar e Programa Madrugadores
12.2.1.Programa Madrugadores
12.2.2.Programa de Comedor
13.- Actividades extra-escolares xestionadas polo ANPA Milnen@s
13.1.Actividades creativas
13.2.Actividades deportivas
14.- Situación das instalacións e equipamentos
14.1. Actuacións realizadas polo Concello
14.2. Actuacións realizadas pola Cons. de Educación e O.U
15.- Libros de texto e material complementario
16.- Resultados avaliación diagnóstica curso escolar 2012-2013
ANEXO I (LIBROS DE TEXTO)
ANEXO II (GRÁFICAS DOS RESULTADOS ENQUISA TIC AS FAMILIAS)
ANEXO III (PEQUENAS REPARACIÓN S ME)

## 1.- INTRODUCCIÓN

Finaliza o curso escolar 2013-2014, coas obras de ampliación do colexio en plena fase constructiva do novo edificio, que acollerá as aulas do 2º ciclo de educación infantil, salón de usos múltiples, comedor escolar, e local do ANPA e outras dependencias escolares.

O Proxecto Abalar implantado nas seis aulas do 3º ciclo de educación primaria continuou o seu desenvolvemento, coa creación de seis aulas virtuais nas que o profesorado titor foi implementando recursos dixitais, para melloralas aprendizaxes do alumnado.

A dotación de aulas dixitais no resto dos niveis de educación primaria e tamén en educación infantil, realizada o curso anterior, tamén facilitou as aprendizaxes do alumnado.

Desde a Comisión de Dinamización das TIC realizouse unha enquisa dirixida ás familias para coñecer cal era o acceso, uso e actitudes das familias cara ás tecnoloxías.

Incrementamos a participación do centro en proxectos que achegaron ao noso alumnado ao mundo da natureza, tales como o Proxecto de Horto Escolar e Voz Natura.

Tralo éxito acadado o curso pasado no Certame de Teatro Escolar e Afeccionado “Candilejas Don Bosco”, co primeiro posto na categoría infantil na estrea da obra titulada: “O Crebanoces”, a participación no XVII Certame, permitiu por segundo ano consecutivo, a consecución do primeiro premio, nestea ocasión, na categoría benxamín, así coma o premio de mellor actor. Estes premios puxeron outra de vez de manifesto o excelente traballo realizado por un pequeno grupo de mestres e mestras, que contaron coa colaboración do Claustro de profesorado e do persoal non docente do centro.

Asimesmo outros grupos de alumnos/as traballaron intensamente ao longo de todo o curso na realización de obras teatrais representadas no propio colexio para o resto de alumnado e tamén para as súas familias.

Mantivemos o compromiso de potenciar a presenza da lingua galega nas actividades diarias do centro escolar e con tal motivo realizouse unha enquisa á comunidade educativa para actualizar o Proxecto Lingüístico de Centro.

O actual equipo directivo iniciou o seu mandato de prórroga por catro cursos máis, logo da valoración positiva da Memoria de Dirección, realizada o curso anterior polo Claustro, Consello Escolar e Inspección Educativa.

## **2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO**

### **2.1. ACTUALIZAR O PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.**

- Ante a aprobación da nova lei educativa para a mellora da calidade educativa (LOMCE) e na espera do seu desenvolvemento na nosa comunidade autónoma, aprazouse a actualización do Proxecto Educativo de Centro e do Plan de Acción Titorial, ata ter máis coñecemento do Proxecto Curricular de educación primaria e das disposicións que o desenvolven, polo que pódense considerar que seguen EN PROCESO, debéndose completar en vindeiros cursos.
- Coa realización dunha enquisa entre as familias do noso alumnado iniciouse o procedemento de actualización do Proxecto Lingüístico de centro, polo que podemos considerar que segue EN PROCESO, debéndose completar en vindeiros cursos.
- A consolidación do “*Programa de Lectura Silenciosa Sostida*” que desenvolve todo o centro na hora ler, pode considerarse imprescindible na consecución do obxectivo inicialmente previsto na PXA para acadar plenamente a competencia en comunicación lingüística do noso alumnado, polo que podemos considerar que segue EN PROCESO, debéndose completar en vindeiros cursos.
- Coa creación dun horto escolar ao carón do edificio de educación infantil, permitiuse a participación de todos os nenos e nenas no descubrimento e coñecemento experiencial do mundo vexetal, do mesmo xeito que o fixo o alumnado de educación primaria, polo que podemos consideralo como ACADADO.
- Coa realización, a principios de curso, das charlas dirixidas ás familias do alumnado de educación primaria desde 1º curso ata 4º, por parte do Departamento de Orientación, e ante a petición das familias da continuidade desta iniciativa en vindeiros cursos, podemos considerar este obxectivo como ACADADO.
- Ante a programación establecida polo Servicio Municipal de Educación de realizar simulacros de evacuación en tódolos centros educativos da cidade, establecéndose un calendario a tal efecto, no que ao noso centro corresponderalle o vindeiro curso escolar, decidimos aprazar a creación da Comisión de Autoprotección Escolar ata o novo curso, polo que podemos considerar que segue EN PROCESO.

## **2.2. AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA.**

A avaliación de diagnóstico correspondente ao curso 2013-2014 tivo lugar os días 27 e 28 do mes de maio 2014 aplicándose ao alumnado de 4º curso de educación primaria. Avaliáronse tres competencias: coñecemento e interacción do alumnado co mundo físico, competencias lingüística e competencia matemática.

A Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico quedou constituída polos seguintes membros:

- a) O director do centro, que actuou de presidente.
- b) O xefe de estudos.
- c) A xefa do departamento de orientación.
- d) Un titor de 4º curso de educación primaria.

Aos efectos de corrección dos caderniños do alumnado a citada comisión estableceu, ao igual que en cursos anteriores, que foran os/as titores/as de 3º curso de educación primaria os encargados da súa valoración.

No epígrafe 16. pódese consultar o informe enviado ás familias do alumnado que realizou as probas da avaliación de diagnóstico no curso 2012-2013.

## **2.3. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC.**

A formación do profesorado no curso 2013-2014 non estivo enmarcada en ningún proxecto do CFR, senón que realizouse ao longo de todo o curso, aproveitando media hora do tempo dedicado ás reunións dos niveis, desenvolvéndose sesións de formación dirixidas ao profesorado de Ed. Infantil. Centráronse fundamentalmente no uso das ferramentas do Encerado Dixital Interactivo.

Ademais disto, xurdiron necesidades de formación no ámbito do manexo da aula virtual. Dada a escaseza de orzamento neste aspecto, tratamos de buscar poñentes que, de xeito desinteresado, acudiron a impartir sendas sesións sobre o tema.

## **2.4. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.**

Programa anual de obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro.

### **2.4.1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS.**

Consideramos que os obxectivos programados no Plan Anual de Lectura cumpríronse en

liñas xerais satisfactoriamente, aínda que hai outros que para acadalos necesitan máis tempo.

#### **2.4.2.- DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.**

Ver Memoria da Biblioteca Escolar

#### **2.4.3.- RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS.**

Dende o curso 2003-2004 levamos a cabo o *“Programa de Lectura Silenciosa Sostida”*. Co tempo fóronse introducindo nalgúns aulas certas modificacións, como, por exemplo, a lectura colectiva no terceiro ciclo que combinan coa lectura individual e que van flexibilizando, enriquecendo e axustando o proxecto aos lectores.

Cúmrese este curso o 10<sup>a</sup> aniversario do inicio do Proxecto de Lectura do noso Centro (2003-04), que comezou a difundirse fóra do Centro nos primeiros encontros do Plan de Mellora de B. E. A inclusión dun tempo para a lectura e a elaboración dos Proxectos Lectores de Centro, como determina a normativa curricular desde 2007, axudou a espallar a iniciativa do noso Centro, que hoxe se leva a cabo en practicamente todos os centros de primaria de Galicia e uns 50 institutos de ensino secundario. Así o acaba de recoñecer a Asesoría de Bibliotecas Escolares da Xunta no seu blog do mes de xuño.

#### **2.4.4.- ITINERARIOS LECTORES**

Seleccionáronse unha serie de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector. Son os seguintes:

##### Primeiro Ciclo:

- 1º: - “Morris, regálame un amigo”. Gabriela Keselman
- “Rata Linda de Compostela”. Bernardino Graña

- 2º: - “Pirata Plin, Pirata Plan”. Paloma Sánchez Ibarzábal
- “A galiña azul”. Carlos Casares

##### Segundo Ciclo:

- 3º: - “Érguete”. Carmen Baz
- “Pamela Panamá contra la Bruja Descalza”. Violeta Monreal
- 4º: - “Ese no es mi zoo”. Elvira Menéndez
- “O raposo e a mestra”. Manuel O’Rivas

### Terceiro Ciclo:

5º e 6º : - “O castaño de abril” de Antonio Manuel Fraga

- “Palabras de caramelo” de Gonzalo Moure

### **2.4.5.- ACTIVIDADES.**

#### **► E. INFANTIL**

- Continuouse co Proxecto Lector.
- Sesións diarias de lectura nas aulas, nas que se manexaron libros de ficción e información.
- O alumnado asistiu a varias sesións de contacontos durante o curso:
  - \* Anxo Moure (temas medioambientais)
  - \* “Con todos e todos contamos” (discapacidade e barreiras arquitectónicas)
  - \* “A cigarra e a formiga” do Teatro do Andamio.
  - \* Tamén asistimos a un contacontos en inglés e á representación de diferentes obras de teatro: “Rodari, Rodari” co Grupo Urdime.
- Unha das aulas de 5 anos, despois de traballar o libro de versos “O peizoque Roque” mantivo un encontro coa súa autora, Dores Tembrás.
- Actividade de identificación das etiquetas dos diversos tipos de libros da B. Escolar
- Creación de material multimedia e utilización das TICs na animación á lectura:  
Gravación de contos polo alumnado e traballos sobre eles.
- Elaboración de “Libros de nomes” en colaboración coas familias e logo presentación nas aulas e tamén ás familias.
- Actividades de dramatización e representación de poesías, contos e ditos populares.
- No tempo do “Día das Letras Galegas” fixéronse actividades sobre Xosé María Díaz Castro.
- Colaboración coas familias: ao principio de curso, solicítase a cada familia que achegue un conto para a biblioteca de aula, utilizándose logo estes contos



para animación á lectura e como complemento ás nosas actividades de aula.

— O profesorado de apoio seguiu traballando o gusto pola literatura a través de actividades plásticas, co encerado dixital interactivo, e coa lectura de libros.

### ► **1º CICLO**

— Participación no P.L.S.S.

— Visitas guiadas a B.E., especialmente a principios de curso, para coñecer ou volver lembrar seccións, funcionamento, ...

— Presentacións aos alumnos en momentos puntuais de novidades de libros, textos diversos, ...

— Narración de contos, poemas, ... polos profesores ou alumnos.

— Lectura diaria nas aulas de todo tipo de textos, unhas veces de xeito silencioso e individual e outras colectivamente.

— Dramatización dalgunhas das lecturas leídas.

— Lectura de dous libros por nivel, un en castelán e outro en galego:

#### - **1º Curso:**

“Morris, regálame un amigo” de Gabriela Keselman

“Rata Linda de Compostela” de Bernardino Graña.

#### - **2º Curso:**

“Pirata Plin, Pirata Plan” de Paloma Sánchez Ibarzábal

“A galiña azul” de Carlos Casares.

Tamén léronse dúas antoloxías de textos diversos (unha en castelán e outra en galego) nos dous niveis.

— Realización de actividades plásticas e literarias relacionados coas lecturas mencionadas e outras: Marcapáxinas, murais, talleres de creación literaria, actividades de escritura e plásticas (Mural e títeres de “Pirata Plin, Pirata Plan”, mural de “Elmer”, maqueta e títeres de “Morris, regálame un amigo”,...)

— Encontros con autores:

O alumnado do Ciclo asistiu a un encontro co ilustrador e mago Gustavo Otero.

— Iniciación ao cine clásico:

- O alumnado de 2º curso contemplou as películas “La isla del tesoro” y “El mago de Oz”.

- Aínda que non pertence ao cine clásico, sinalamos tamén a exhibición en 1º curso da curtametraxe “Cuerdas”.

— Colaboración das familias con aportacións de contos, cómics,... para a biblioteca de aula.

### ► **2º CICLO:**

— Participación no P.L.S.S.

— Lectura de libros

#### - **3º Curso:**

“Érguete” de Carmen Baz

“Pamela Panamá contra la Bruja Descalza” de Violeta Monreal

#### - **4º Curso:**

“Ese no es mi zoo” de Elvira Menéndez

“O raposo e a mestra” de Manuel O’Rivas

Sobre todos estos libros realizáronse diversas actividades: posta en común, actividades de expresión oral, escrita e creación artística.

— Encontros con autores:

Tras as lecturas de “Érguete” e “O raposo e a mestra” os alumnados de 3º e 4º participaron en encontros literarios cos seus autores Carmen Baz e Manuel O’Rivas.

— Iniciación ao cine clásico:

No 4º nivel proxectouse a película “El mundo perdido”.

### ► **3º CICLO:**

— Participación no P.L.S.S.

— Traballáronse todas as actividades propostas na P.X.A. para o Plan Anual de Lectura, que o Ciclo valora positivamente.

— Combináronse nas diversas titorías distintas modalidades de lectura: dramatización, lectura colectiva, lectura silenciosa, recitación,...

— Nalgunhas titorías a biblioteca de aula estivo informatizada e o propio alumnado foi o encargado da súa xestión: rexistro, préstamos, devolución, lecturas recomendadas...

— Lectura en 5º e 6º dos libros:

- “O castañeiro de abril” de Antonio Manuel Fraga
- “Palabras de caramelo” de Gonzalo Moure

— Encontros con autores:

Encontros literarios con Antonio Manuel Fraga e Gonzalo Moure.

#### • **ACTIVIDADES XERAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR.**

Ver Memoria da Biblioteca.

#### **2.4.6.- LER EN FAMILIA .**

Animouse ás familias (a través das reunións colectivas ou das titorías individuais) para que colaboraran na consecución do obxectivo de facer lectores pois a súa axuda é fundamental para o éxito desta empresa.

#### **2.4.7.- AVALIACIÓN**

— No 1º Ciclo a avaliación efectuada sobre o Plan Anual de Lectura é positiva.

Atópanse algunhas dificultades ao principio do curso nos alumnos de 1º para centrarse nos 20 minutos da “Hora de Ler” pero logo se adaptan á dinámica.

— No 2º Ciclo estiman en xeral positiva a avaliación.

— No 3º Ciclo consideran a avaliación positiva. No caso dos alumnos non lectores observaron que prenden máis a atención nas lecturas colectivas e nos encontros con autores.

### **3. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN PARA ACADAR NO ACTUAL MANDATO DA DIRECCIÓN.**

**OBXECTIVO 1:** *Afondar na implicación de todo o profesorado no desenvolvemento dos distintos Plans de Centro: Plan Lector, Plan Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia.*

Este obxectivo acadouse mediante a asignación por parte da Xefatura de Estudos, dun horario semanal específico de atención a cada un dos plans de centro, para cada coordinador/a. Tamén contribuíron os restantes membros dos equipos e comisións nas súas horas de dinamización e tamén de coordinación didáctica dos luns pola tarde.

**OBXECTIVO 2:** *Acadar unha mellor xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais, unha educación de calidade acadando o máximo desenvolvemento posible das capacidades do alumnado e adaptada as súas necesidades.*

Para a consecución deste obxectivo a Xefatura de Estudos, en coordinación co Departamento de Orientación, asignou as mellores combinacións horarias posibles do profesorado, para acadar a máxima atención do alumnado, promovendo a realización de apoios nas aulas ou co alumnado que presentou maiores dificultades de aprendizaxe.

**OBXECTIVO 3:** *Afondar no fomento dunha educación para a igualdade e a coeducación evitando os comportamentos sexistas.*

Para favorecer a consecución deste obxectivo designouse como Coordinadora do Observatorio da Convivencia, á mestra de PT da aula específica de Educación Especial, por ter experiencias previas neste eido. Por outra parte buscouse unha implicación máis directa da persoa encargada de coeducación, nomeada no seo do Consello Escolar, coa elaboración ou adquisición de recursos e estratexias didácticas. No mundo da coeducación.

**OBXECTIVO 4:** *Afondar na dinamización dos órganos de goberno e coordinación docente.*

A participación do profesorado, dos pais e das nais, do persoal non docente e da representante municipal no seno do consello escolar fíxose de forma habitual, ao longo das reunións realizadas ao longo do curso escolar. Fixéronse un total de 7 reunións ordinarias.

Os equipos e comisións constituídos no centro: Biblioteca, EACE, EDLG, Horto Escolar e TIC celebraron un total de 9 reunións ordinarias, nas que desenvolveron a PXA e outros temas relacionados coa vida académica do centro.

Os equipos docentes de ciclo reuníronse os luns polas tardes, seguindo o calendario establecido. Realizaron entre 10 e 12 reunións mensuais, segundo os diferentes ciclos abordando os temas recollidos na PXA e outros temas relacionados coa vida académica do centro.

**OBXECTIVO 5:** *Revisar o Proxecto Educativo de Centro (PEC) e integrar nel todos os plans (Plan Lector, Plan Lingüístico, Plan TIC, Plan de Convivencia, Plan Xeral de Atención á Diversidade, Plan de Orientación e Acción Titorial) adaptándoos á lexislación vixente; así como, a introdución das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) coas addendas aprobadas nos últimos cursos referidas ao reagrupamento do alumnado ao finalizar cada ciclo e a atención do alumnado nas entradas e saídas do centro escolar.*

Neste obxectivo non se puideron abordar as adaptacións previstas no marco da nova lexislación por estar pendente de desenvolvemento a LOMCE na nosa comunidade autónoma, polo que se fíxeron tendo en conta a normativa vixente, se ben reflexionouse ao respecto nas reunións do equipo directivo coa Orientadora e no seno da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Cursáronse as peticións de autorización ante a Inspección Educativa, sendo aprobadas tódalas solicitadas.

**OBXECTIVO 6:** *Continuar co traballo de coordinación interciclos e unificar criterios*

*metodolóxicos, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica e os Equipos de Ciclo.*

Este obxectivo estará sempre en proceso de consecución xa que a coordinación do profesorado é unha necesidade permanente.

**OBXECTIVO 7:** *Elaborar o Plan de Auto-protección escolar. Establecendo os contactos necesarios cos responsables municipais e autonómicos dos servizos de emerxencias, unidade técnica de educación, e outros servizos que se precisen.*

A este respecto a dirección do centro participou nas reunións da Asociación de Directores de CCPP da cidade da Coruña, nas que acordouse solicitar ao Concello da Coruña a redacción dos diferentes Plans de Autoprotección dos centros educativos, así como dos simulacros de evacuación. Froito deste traballo foi a elaboración, por parte da Concellaría de Cultura, Educación e Deportes, dun calendario de actuacións.

**OBXECTIVO 8:** *Continuar traballando a prol da lingua galega, participando naquelas convocatorias de actividades de innovación educativa que xurdan por parte dos diferentes entes oficiais.*

Neste eido continuouse coa participación do noso centro na convocatoria de Proxectos de Fomento da Lingua Galega e na convocatoria de Proxectos de Innovación en Dinamización Lingüística.

**OBXECTIVO 9:** *Estudar e valorar a posibilidade de participar en seccións bilingües.*

Este obxectivo quedou anulado por carecer de profesorado interesado na súa realización.

**OBXECTIVO 10:** *Solicitar das administracións públicas as melloras infraestruturais necesarias, así como velar polo cumprimento da construción do novo edificio para educación infantil e comedor escolar.*

Co inicio das obras de ampliación do colexio fíxose realidade o esforzo de toda a comunidade educativa ao longo dos últimos anos. Por outra parte, a confirmación por parte do SME do Concello da Coruña, da realización durante o período estival, da reforma do lucernario e dos aseos do 1º andar no edificio de educación primaria, culminan algunhas das peticións de melloras realizadas ao longo do curso.

Así mesmo a dotación por parte da Consellería de Cultura, Educación e O.U., dunha fotocopiadora dixital para o 2º ciclo de educación infantil, tamén mellorou os procesos de elaboración de materiais didácticos para o alumnado.

**OBXECTIVO 11:** *Continuar coa transformación do colexio nun centro dixital, tanto nos aspectos didácticos coma nos referidos ás canles de comunicación entre tódolos sectores da comunidade educativa.*

Neste eido continuouse traballando na resolución de incidencias no equipamento TIC do colexio, tanto do Proxecto Abalar coma do resto dos equipos. A tal efecto realizouse unha sondaxe en-liña entre o profesorado para coñecer as súas necesidades de equipamento de cara a priorizar os investimentos orzamentarios.

## **4. MEMORIAS DOS EQUIPOS DOCENTES DE CICLO**

### **4.1. EDUCACIÓN INFANTIL.**

O curso 2013-2014 discorreu con normalidade .

- Seguimos compartindo o espazo da biblioteca con AL e PT.
- A través da páxina web e da revista “e-journal” dáselle acceso ás familias sobre información e actividades realizadas no ciclo.
- O encerado dixital interactivo segue sendo utilizado por todo o alumnado de infantil dun xeito sistematizado con sesións fixas semanais e agrupamentos flexibles, aínda que xa están equipadas todas as aulas de E. Infantil con encerados dixitais pero respectando os agrupamentos flexibles semanais.
- O primeiro día lectivo, representación da obra “Rodari rodari” do grupo Urdime.
- Na xornada de portas abertas presentáronse as mestras e mestres do nivel e fíxose unha visita polas instalacións do centro por parte das familias interesadas.
- Participamos cos alumnos e alumnas de 4 e 5 anos no concerto: “De aquí para alá” de Lidia Botana, no palacio da Ópera e organizado polo Concello.
- Na semana das Letras Galegas realizáronse actividades sobre Xosé María Díaz Castro.
- Saída de fin de curso por niveis á Casa do Queixo (en Sobrado dos Monxes).
- O alumnado de 5 anos participou no Plan RUA do Concello.
- Fíxéronse actividades colectivas como:
  - Magosto no que a castañeira repartiu castañas a todos/as.
  - Nadal: Papá Noel e os seus duendes presentáronnos o espectáculo “Villancirock”.
  - Día da Paz (no que participamos con todo o colexio): Nelson Mandela E.I.: “A paz é o sol que sae cada mañá” coa canción de Pablo Díaz “Toc toc”.
  - Entroido co desfile de disfraces e festa gastronómica (no que participamos con todo o colexio) as estacións E.I. o inverno.
  - Implicación do ciclo no proxecto de Voz Natura.

O alumnado asistiu a varias sesións de contacontos organizadas polo Concello ou editoriais como propostas de animación á lectura:

- “Con todos e todas contamos” na biblioteca, sobre a discapacidade e barreiras arquitectónicas.
- O alumnado de 3 e 4 anos, asistiu ao contacontos medioambiental de Anxo Moure: A xacia Luviañas e o pescador de contos.
- Todo o alumnado de infantil asistiu ao contacondos do Teatro do Andamio “A cigarra e a formiga”.
- Asistimos a un contacontos en inglés e á representación de diferentes obras de teatro na que participaron alumnos/as do colexio.

— Festa de graduación do alumnado de cinco anos, na que realizou diversas actuacións en presenza dos seus familiares.

Para rematar o curso, o día 20 de xuño, festa realizada pola ANPA.

### **DIFICULTADES**

- Masificación do alumnado. O edificio quédase pequeno.
- Deficiente acceso ás aulas, debido ás moitas escaleiras e a que os corredores quedan estreitos.
- Falta de máis baños.
- Non hai espazos para impartir determinadas materias.
- Espazo inadecuado para actividades motrices e musicais. O patio cuberto non reúne unhas condicións axeitadas: ten mala acústica, nel hai continuas interrupcións das sesións e, ao ter unha abertura entre o tellado e o muro, entra moita corrente e algúns días vai moito frío.
- Non existe saída de emerxencia.
- O equipamento TIC (PC, sobre todo) instalado no ciclo estase a quedar vello.

Este curso houbo que facer numerosas reparacións por parte da Comisión de Dinamización de TIC. Mesmo houbo aulas que estiveron, por falta de equipos de substitución, varias semanas sen PC.

### **CARA O VINDEIRO CURSO**

- Dado o incremento de alumnado con NEAE vemos necesario tamén un incremento de profesorado especialista en AL, PT e persoal coidador.

- ⤷ Persoal de conserxería máis tempo no edificio de E. Infantil.
- ⤷ Sempre que fora posible solicitar informe as escolas infantís de 1o ciclo para anticiparmos ao posible alumnado con dificultades.
- ⤷ Desdoblamento da aula de PT e AL.
- ⤷ Solicitud dun encerado dixital para PT e AL e outro para a aula Relixión Católica.
- ⤷ Buscar alternativas ao elevado custo da excursión de fin de curso.
- ⤷ Ana, María e Mitos consideran que algún alumnado, non pode asistir a actividades propostas por causa económica, polo que se lles está excluindo.

### **AVALIACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN**

Chegar por primeira vez a un lugar novo non é fácil para ninguén. No proceso de adaptación á escola as nenas e os nenos (mesmo para aqueles/as que con anterioridade asistiran a unha escola infantil) deben coñecer ese lugar, facelo propio, chegar a gozalo, establecer vínculos de relación... e isto leva o seu tempo. O proceso de adaptación supón unha necesidade do alumnado. Os cativos e cativas son, por riba dos intereses das familias e das continxencias do colexio, a prioridade durante este tempo. É importante que:

- se sintan seguros coas persoas e lugares que non son os habituais,
- teñan ánimos para encarar as novas dificultades coas que se poden atopar
- e dispoñan da atención precisa por parte do profesorado para poderen

compartir as súas necesidades.

En definitiva, os cativos e cativas teñen que estar seguros de que son moi importantes para as mestras e os mestres.

A ORDE do 24 de maio de 2013 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2013/2014 sinala que o período de adaptación terá a mínima duración posible que permita acadar os seus obxectivos e, en todo caso, non se poderá prolongar máis de 10 días lectivos dende a data de inicio das clases.

Atendendo a esta disposición legal, este ano a planificación do período de adaptación na escola rematou o 18 de setembro, é dicir, 6 días lectivos despois de comezaren as clases. A partir desa xornada o alumnado de 4º de Educación Infantil asistiu en horario completo. A isto engádese o feito de que moitos nenos e nenas víronse obrigados tamén a facer uso do servizo de madrugadores e comedor.

Isto supuxo un reto para moitos cativos e cativas e moitos deles aínda non están preparados para afrontalo satisfactoriamente, xa que non todos os alumnos e alumnas contan



cos mesmos recursos e capacidades para unha correcta adaptación. De feito, bastantes nenos e nenas manifestaron síntomas de ansiedade (como choros e falta de control de esfínteres) tanto nos primeiros días coma nas semanas posteriores, mantendo estas manifestacións mesmo ao longo de case todo o primeiro trimestre.

A incorporación á escola, durante este período de adaptación, en pequenos grupos flexibles permite unha atención personalizada aos nenos e nenas. Esta organización axuda a poder coñecelos mellor, dedicarlles máis tempo a cada un, falar con eles, facelos sentirse membros do seu grupo de clase, etc.. En definitiva, a adecuarse máis ás súas necesidades.

Por iso, convén respectar os tempos dos nenos e nenas e facer que este proceso sexa gradual e se prolongue o tempo necesario (polo menos cómpre manter a proposta do ORDE do 25 de xuño de 2009, que sinala que este proceso en ningún caso poderá superar o mes de setembro) porque o xeito natural de ensinar é respectar o ritmo de cada cativo e cativa para aprender a facer xunto a os/as demais.

Por iso, convén ter en conta de cara aos vindeiros cursos esta avaliación do proceso de adaptación para evitarmos todas as dificultades que se foron explicando e cumprimos, deste xeito, os obxectivos propostos polo ciclo para este período.

## **4.2. PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA.**

O equipo de profesores do 1º Ciclo de Educación Primaria realizou ao longo do curso 2013/2014, as reunións previstas no Plan de Centro e as necesarias co fin de se manter informado sobre o tratado nas reunións das distintas Comisións que funcionan no Colexio, así como para tratar temas comúns a nosa labor docente.

### DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

Consegiuse un bo resultado, en termos globais, na consecución dos obxectivos recollidos na PXA.

Destacamos os seguintes aspectos:

-Incidíuse especialmente na necesidade de manter a atención por parte dos alumnos, indispensable para o desenvolvemento das actividades escolares, considerando necesario seguir traballando neste aspecto.

-Estimamos que, en termos xerais, se acadaron os obxectivos de adquisición da técnica lecto-escritora, de cálculo e de razoamento lóxico-matemático.

-Utilizáronse as TICs (pizarras dixitais), en todas as aulas do ciclo. Seguen a ser un bo elemento para captar a atención e a motivación do alumnado.

-Traballouse para desenvolver hábitos de respecto e mellora do contorno máis inmediato. Participaron activamente no horto, guiados polos profesores encargados e acompañados polos titores. Seguiremos impulsando este punto no vindeiro curso.

-Concedéuselle notable importancia ao obxectivo de desenvolver hábitos de cortesía no trato, xa que, un ano máis, detectouse unha grande falta de respecto aos demais e falta de adaptación ao contexto. Para a súa adquisición e interiorización é imprescindible a colaboración familiar, que non é posible en todos os casos.

-Elaboráronse, en coordinación co DO, normas de conduta e pautas a seguir cando se presenta unha conduta disruptiva. Realizáronse actividades nas aulas para traballar a coeducación, habilidades sociais... coa colaboración da coordinadora do Observatorio de Convivencia.

-A modo experimental, utilizouse o sociograma para detectar problemas nas relacións entre os alumnos e procurando evitar casos de exclusión.

-Participouse no Plan de Fomento da Lectura que levou a cabo o centro, mediante o Plan de Lectura Anual. Os resultados son altamente satisfactorios.

-Ao longo do curso, realizáronse distintas actividades e celebracións: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, actividades de dinamización lingüística (Feirán), un concerto de instrumentos de percusión, encontros con autores, un espectáculo de danza, teatro, contacontos en inglés, rutas urbanas (2º nivel) e a excursión fin de curso á Casa Grande de Xanceda.

-Favoreceuse a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado.

-Quedou pendente un traballo exhaustivo sobre o centro de interese: a loita contra a contaminación acústica.

## METODOLOXÍA E AVALIACIÓN.

O número de alumnos por aula é moi elevado (27 nalgunhas aulas) para poder levar a cabo un tipo de ensino que potencie as características de cada un deles e así atender as individualidades situadas a ambos extremos da media. De todos os xeitos, traballouse de forma activa e participativa tendo en conta as capacidades de cada alumno.

Fíxose unha avaliación continua e global valorando o traballo diario da aula, a súa actitude diante do mesmo, o interese, orde e limpeza na presentación dos traballos.

Contouse con profesorado de apoio, pero non tiña suficiente tempo para atender ás crecentes

necesidades, quedando nenos/as pendentes de diagnóstico ou de atención. Sería necesario recuperar a figura do profesorado de apoio a minorías.

Por último, queremos facer constar que se segue a traballar para conseguir eliminar o absentismo escolar.

### **4.3. SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA.**

O presente curso escolar 2013-2014 trascorreu con normalidade neste ciclo.

Traballáronse os obxectivos plantexados ao comenzo do curso, obtendo un satisfactorio grao de consecución dos mesmos:

1. Continuouse coa potenciación da Lingua Galega con numerosas actividades: na megafonía durante as entradas, saídas e no recreo escoitouse música popular galega, continuando a traballar nas aulas a letra das cancións dende distintos aspectos lingüísticos e gramaticais. Séguese a traballar o uso oral a través do teatro, da música e de outras tarefas escolares como debates, entrevistas, etc. Participamos nas actividades de Feirán propostas polo EDLG.
2. Cómpre seguir potenciando as actividades que impliquen reflexión para atallar a falta de atención do alumnado. O rigor na lectura e a análise do enunciado faise especialmente necesario para mellorar os resultados nas distintas áreas.
3. As probas diagnósticas desenvolvidas no mes de maio evidencian diferenza de criterios entre a aula e as probas (ortografía).
4. Consideramos que hai que seguir traballando as distintas competencias co alumnado, insistindo na necesidade dunha actitude respetuosa cos compañeiros e demais membros da comunidade educativa.
5. No ámbito medioambiental o alumnado continuou coa recollida de residuos orgánicos para facer “compost” e utilizalo no horto escolar. Realizáronse actividades ofertadas dende o programa VOZ NATURA cunha valoración moi positiva. Tamén cumpriron cos obxectivos propostos de sensibilizar ao alumnado da necesidade de valorar, conservar, respectar e coidar a natureza as diversas actividades levadas a cabo no horto escolar e nas diferentes zonas verdes do patio.

Como excursión de final de ciclo decidimos ir á Granxa-Escola de Beelle por considerar moi interesante a organización dos diferentes talleres que permiten aos alumnos coñecer de forma activa as distintas tarefas do campo. Resultou moi satisfactoria e divertida.

Os alumnos de terceiro nivel visitaron os xardíns do Pasatempos en Betanzos.

6. Este curso iniciouse o plan de apoio as aulas.

7. Tamén traballamos nun xeito sistemático co libro e co encerado dixital interactivo o que supuxo un avance no uso das novas tecnoloxías e resultou moi motivador para o alumno.

8. Acadouse un resultado bastante satisfactorio das actividades propostas a través do proxecto “Plan Lector”. os alumnos de terceiro e cuarto traballaron un libro en galego no segundo e terceiro trimestre e contaron coa visita do autor o que despertou un grande interese.

9. Favoreceuse en todo momento a integración e a atención á diversidade do alumnado.

#### **4.4.TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA.**

Os obxectivos propostos a principio de curso lograronse coa maioría do alumnado do 3º ciclo, tanto nos aspectos curriculares como en hábitos e actitudes.

A excepción prodúcese co primeiro obxectivo en canto a conseguir que o alumnado preste e manteña atención e concentración nas tarefas, evite ruídos, permaneza en silencio... que resulta non só difícil de conseguir, senón de manter no tempo, tanto na aula, como nas filas, nos corredores, nos patios, no salón de usos múltiples, nas saídas... Conviría buscar unha solución conxunta interciclos.

Con respecto aos hábitos e técnicas de estudo, os obxectivos acádanse nun grao axeitado. As dificultades máis grandes mostráronnas nas estratexias para a resolución de problemas e, en moitas titorías, no cálculo.

En canto á área de lingua resulta máis dificultosa a lectura expresiva, a adquisición e/ou incorporación do novo vocabulario, a corrección ortográfica e sintáctica e a axeitada presentación dos escritos de produción propia.

Traballouse, coma sempre, no uso normalizado da Lingua Galega tanto na expresión oral, coma na escrita. O alumnado en xeral, aprecia e valora o Galego, aínda que non xeneraliza o seu uso.

Participamos nas actividades de Feirán propostas polo EDLG.

O alumnado segue a participar nas actividades de Voz Natura.

Seguimos tamén coas actividades propostas no Plan Lector que van explicitadas na memoria do devandito Plan.

Tal como se mencionou nos obxectivos para a PXA, o profesorado do Terceiro Ciclo

considera o teatro como unha actividade que contribúe de xeito importante á formación do alumnado. Este curso o alumnado do noso ciclo non participou debido a que se repetiu a obra de teatro -na que participou o ano pasado- esta vez con alumnado do 1º e 2º ciclo. O profesorado do noso ciclo colaborou en tarefas de vestiario, maquillaxe...

Seguiu funcionando o grupo Bubelas formado este curso polo alumnado de 5º A, que representou dúas obras de teatro. Unha no Nadal e outra na Semana do Teatro.

As profesoras de Inglés fan una valoración positiva da división dos grupos para a mellora da competencia na expresión oral e expresan a súa intención de continuala o próximo curso se o horario o permite.

Seguiu a traballar no proxecto "O meu amigo maior" entre unha clase de 5º e outra de 2º.

Continuamos neste curso a nosa andadura no proxecto "ABALAR". Ademais todas as aulas do ciclo contaron cunha aula virtual.

Contamos este curso cun obradoiro de Educa-Saúde sobre seguridade na navegación en Internet.

Fixemos as saídas prevista na PXA . O alumnado de 6º realizou a saída de fin de Primaria dunha duración de tres días a un albergue de ecoturismo.

O alumnado de 5º tamén realizou unha viaxe de fin de curso dun día a Santiago de Compostela.

O alumnado de 6º de Primaria de Relixión Católica e Evanxélica visitou no primeiro trimestre a Institución Benéfico Social Padre Rubinos, acompañados polas súas profesoras.

Con motivo desta visita e, como se ven xa facendo os últimos anos, realizouse nos primeiros días do mes de decembro, unha recollida de alimentos e produtos de hixiene, destinada a dita Institución. Toda a comunidade educativa foi invitada a participar.

Asimesmo este alumnado participou no Proxecto Semente promovido polo Concello de A Coruña no que os/as nenos/as crean as súas propias cooperativas, elaboran produtos e os venden nun mercado que se instala nos Cantóns. Este ano o mercado tivo lugar o 31 de maio de 9:00 a 14:00 horas.

Dos beneficios obtidos, unha parte destínase a ONGs (as elixidas este curso foron Entreculturas e Misiones Salesianas); o resto dos beneficios destinouse á realización de diferentes saídas elixidas polas cooperativas.

## 5.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do CEIP Emilia Pardo Bazán do curso 2013-2014 estivo formado por mestres que representaban aos diferentes ciclos de Educación Infantil e Primaria. O seu obxectivo principal é potenciar a nosa lingua como linguaxe vehicular útil e promover o coñecemento da nosa cultura e a curiosidade polo coñecemento empregando para iso a organización de diferentes actividades ao longo do curso.

### Actividades realizadas:

#### ✦ **Realización de enquisas para actualizar a situación sociolingüística do centro:**

Durante o primeiro trimestre do curso 2013-2014 o Equipo de Dinamización da Lingua Galega analizou diferentes modelos de enquisas co obxectivo de pasarllas á comunidade educativa e poder ter unha visión máis realista da situación sociolingüística do centro.

Foron dirixidas ao alumnado de 2º e 3º ciclos de Primaria, ás familias (tendo a posibilidade de cubrilas polos dous proxenitores/titores no caso de habelos) e ao profesorado.

Os resultados destas enquisas permiten coñecer mellor a realidade sociolingüística do centro para así adaptar os obxectivos propostos e as actividades que se planifican e **foron empregados na realización do proxecto de fomento da Lingua Galega deste curso**. Tamén son útiles para a actualización do Proxecto Lingüístico do centro.

#### ✦ **Club de amigos de Feirán:**

Esta actividade, iniciada no curso 2010-2011, seguiu a ter continuidade, habendo un total de case 300 rapaces e rapazas de Educación Primaria que participaron nalgunha das catro preguntas que se chegaron a formular. En xeral existe máis participación nos cursos baixos que nos altos e notamos que depende moito da colaboración do mestre titor que aproveita a actividade como parte da área de Lingua Galega ou que simplemente se limita a deixar que o alumnado se anime a participar por iniciativa propia.

A actividade estanos a dar moi bo resultado, sendo parte do día a día do centro. É unha boa maneira de que o alumnado mellore a expresión escrita e coñeza máis cousas sobre a cultura galega. Cando se trata de búsqueda de información, aínda que a responsabilidade de comunicar na casa o traballo a realizar e de pedir axuda recae no alumnado, vese que en moitos casos hai unha

colaboración das familias e unha aprendizaxe real por parte dos nenos e nenas.

Algunhas das veces que participan e tamén a fin de curso emprégase a entrega de pequenos detalles como reforzo para animalos a seguir participando con máis ilusión.

Como parte desta actividade **contamos cun blog no que Feirán** comenta as súas impresións e comparte algúns dos traballos. **Aínda que moitas veces por falta de tempo cóstanos xestionalo**, xa que implica a selección de traballos, o escaneo e a creación da noticia. Todo iso despois de ter lido todos os traballos que se presentan en cada ocasión.

#### ✦ **Difusión de música galega mediante a megafonía.**

Aproveitamos que no noso colexio se pon música para indicar as entradas e saídas nos dous edificios que forman o colexio, para fomentar a música en lingua galega, sexa ou non tradicional.

En Educación Infantil, sacando excepcións puntuais, as cancións empregadas son sacadas de discos de música infantil galega, que na actualidade podemos atopar con máis facilidade nos mercados.

No que respecta ás entradas e saídas no edificio de Primaria, imos turnando con outras actividades que realizan outros equipos, pero tamén o empregamos como unha boa forma de difusión da música popular galega. Por exemplo, neste curso, durante o mes de decembro puxemos a canción do Apalpador de Malvela, que foi traballada tamén na área de Educación musical de todos os cursos e que foi o final dunha obra de teatro que levou a cabo 2°C. Tamén empregamos a megafonía para a divulgación das cancións seleccionadas cara ao II Festival da canción popular galega ou a empregada para a celebración do Día da Paz.

Seguiremos en posteriores cursos traballando con este tipo de potenciación da música galega, pois percibimos que pouco a pouco o alumnado vaise familiarizando coa canción que se lles pon durante un par de semanas.

#### ✦ **Celebración de festas e tradición galegas:**

A celebración de festas tradicionais galegas ou ben o dar a coñecelas forma parte das actividades que sempre o Equipo de Dinamización da Lingua Galega organizou. Durante este curso realizáronse as seguintes:

\* **O Samaín:** A pesar de que no noso colexio o profesorado de inglés ten moi institucionalizada a festa do Halloween e nese senso atopámonos cunha situación difícil, tentamos relacionar as dúas

festividades facendo máis fincapé na "decoración" das cabazas como típico tamén de Galicia. De todos xeitos **cara ao próximo curso teríamos que organizar algunha actividade que**, sen eclipsar o traballo do persoal de Lingua Inglesa, **faga que o alumnado teña a maiores outra visión máis tradicional galega.**

Unha das ideas que surxiu avaliando esta actividade foi a de que as cabazas veñan con velas e durante un recreo, de forma voluntaria, os rapaces poidan pasealas ou visitalas no Salón de Usos Múltiples encendendo as velas e quedando o resto do lugar ás escuras.

\* **O Magosto:** A parte do tradicional asado de castañas, tentamos non perder a tradición de crear colares de castañas, de zonchos, pedíndolle aos nenos e nenas que traían os seus e realizando unha exposición cos mesmos. Con esta actividade tamén pretendemos involucrar ás familias.

Ao final realizamos un póster onde aparecen os participantes cos seus colares que foi exposto no colexio para animalos a volver a facelos para o seguinte curso.

\* **O Nadal:** Neste curso propuxémonos iniciar a traballar coa figura do Apalpador, realizando as seguintes actividades:

- Facer unha copia do Apalpador en grande, mediante a unión de papel contínuo. O alumnado dunha clase de sexto de Primaria dedicouse a colorealo para podelo poñer no mural da entrada do colexio.

- Realización dun mural formado por tarxetas de Nadal, cada unha delas realizada en equipo por unha clase.

- Nas clases de educación musical, tanto de Educación Primaria, como de Educación Infantil, traballouse coa canción do Apalpador de Malvela. Aproveitando o ritmo da música, creouse un baile ó estilo tradicional con paso de pasodobre galego nas coplas e volta con ritmo de muiñeira durante a parte instrumental. Ademais de formar parte da clase de Educación musical, o último día de clase antes das vacacións de Nadal, púxose a música durante o recreo para que se formase un grupo con xente voluntaria que a bailasen do mesmo xeito que na clase pero coas demais compañeiras e compañeiros do colexio. Deste xeito presentouse o baile galego como unha forma de pasalo ben.

- Emprego da megafonía para difundir a canción do Apalpador coa que traballamos.

- No festival de Nadal, organizado en colaboración co Equipo de Actividades Extraescolares, unha clase de segundo de Primaria escenificou unha obra de teatro que trataba de explicar quen era



o Apalpador. No que respecta ao resto das clases preténdese que as actuacións en galego sexan maioría, aínda que atopamos excepcións no caso daquelas organizadas desde outras áreas, como pode ser Inglés.

**Tras comezar a dar a coñecer a figura do Apalpador, gustaríanos seguila potenciando en vindeiros anos.**

\* **O Entroido:** Durante estas datas empregamos o club de amigos de Feirán para que o alumnado investigase sobre a figura dos peliqueiros, que moitos deles aseguraban non ter coñecido antes de facer o traballo. Houbo quen suxeriu que se podería preguntar sobre os choqueiros na Coruña e o Entroido da Rúa da Torre.

Ademais, como todos os anos, o venres de Antroido realizouse o popular desfile que se organiza en colaboración co Equipo de Actividades Extraescolares e degustáronse produtos típicos destas datas grazas á colaboración da ANPA.

Tras avaliar esta actividade **botamos de menos o** feito de que todos os grupos de nenas e nenos acompañase o seu **desfile cantando algunha canción feita por eles en galego**. Este ano fixérono os de primeiro e segundo ciclo de primaria, pero sería interesante potenciar dita actividade na que poden axudar os mestres de música en colaboración cos titores de ciclo.

\* **Os Maios:** Trátase dunha festa que non é típica da Coruña pero que nos gustaría que o alumnado coñecese como parte da cultura galega. Por este motivo decidimos empregar a figura de Feirán para que de novo nenas e nenas investigasen sobre esta tradición.

Na planificación inicial das actividades a realizar falabamos da creación de Maios grandes en papel por cada clase, curso ou ciclo para adornar as paredes do colexio, pero ao final limitámonos a enviar, xunto á carta de Feirán, o debuxo do noso personaxe ao lado dun Maio para que a titora o fotocopiase se o estimaba oportuno. Terase en conta a idea que tiñamos cara ao curso que vén.

#### ♣ **Conmemoración do Día de Rosalía.**

Para conmemorar o Día de Rosalía decidiuse preparar a lectura, polo micrófono do centro durante a Hora de Ler, dunha das poesías da autora introducida por unha breve explicación de por que realizabamos ese acto nese día. Para iso, tras seleccionar o texto, pediuse a colaboración, de forma voluntaria, dunha alumna ou alumno por clase tendo en conta a súa participación dentro do Club de Feirán, de modo que fose un premio pola iniciativa mostrada con anterioridade. Contamos tamén coa colaboración dos mestres titores que axudaron a preparar a lectura do fragmento,

especialmente co alumnado de primeiro de primaria.

### ^ **Grupo de teatro interaulas e outros.**

Tras levar tres anos creando grupos de teatro con rapaces e rapazas de diferentes cursos, a actividade está totalmente instaurada no noso colexio. Os actores son nenas e nenos que se presentan voluntariamente para participar, tendo que ensaiar durante algúns recreos.

O curso pasado, coa desculpa de que desde a área de Educación Musical se traballou o Crebanoces para asistir a un ballet protagonizado polo Centro Coreográfico Galego, elaborouse unha obra na que se contaba a historia deste personaxe. Debido ao alto número de participantes fixéronse dous grupos: un que comprendía o alumnado de primeiro a terceiro de educación Primaria e outro para os de cuarto a sexto. Á hora de realidade, os mestres organizadores tiveron que decidir só ensaiar cun grupo, pois para poder realizar a obra cos dous grupos precisábase de moito máis tempo dispoñible.

As persoas participantes chegaron a gañar na categoría Infantil do Certame de teatro Candilejas Don Bosco.

Durante este curso, levouse a cabo a mesma obra co alumnado de primeiro e segundo ciclos de primaria que non tiveran a oportunidade de participar no curso pasado. Aínda que non tiñamos pensado volver a participar no certame de teatro Candilejas Don Bosco, tras a nosa ausencia, os organizadores decidiron chamarnos e tras comentarnos que outros colexios tamén repetían obras con outros grupos, decidimos participar de novo para que rapazas e rapaces tivesen a oportunidade de pasar por unha experiencia única coñecendo o mundo do teatro dunha forma máis seria que para o festival de fin de curso. O traballo feito polo alumnado e polo profesorado que o coordinou foi impresionante, mostrando unha boa calidade a pesar de tratarse de nenos e nenas máis noviños. A maiores a colaboración das familias para a consecución dos traxes e a implicación de gran parte do profesorado para encargarse do coidado do alumnado, a organización do vestiario, a maquillaxe, o son, as luces, o escaerío,... fixo posible que se levase a cabo a actividade con éxito.

Ademais do Crebanoces, durante a segunda semana de xuño, como remate de curso, levouse a cabo a escenificación doutras obras de teatro que foron traballadas en distintas aulas: "En folga", polo alumnado de 5º A, a repetición de "O Apalpador" actuando os de 2º C e "Un mundo de cores" representada polas nenas e nenos de 6º de Educación Infantil. Esta é unha boa forma de dar a coñecer a todo o alumnado do centro que é o que fan os seus compañeiros, potenciando o uso da lingua galega oral dunha forma expresiva e lúdica.

### ✧ Conmemoración da Semana das Letras Galegas.

Para conmemorar a Semana das Letras Galegas, ademais do Certame literario e o II Festival da Canción Popular Galega, realizouse un mural cos carteis do homenaxeado deste ano, Xosé María Díaz Castro, e buscáronse actividades para suxerirlas aos mestres titores.

Se ben tiñamos pensado ler algo da súa biografía e algún fragmento da súa obra pola megafonía, ao decidir facer a lectura dos contos do certame literario, esta actividade non foi posible.

\* **IV Certame Artístico-literario:** Como durante outros anos, convocamos un certame literario para celebrar as Letras Galegas. Tras suxerir varias posibilidades, nesta ocasión decidimos que dous ou máis personaxes de contos clásicos diferentes deberían atoparse nunha historia. As mestras de primeiro de primaria decidiron que fose máis con viñetas e pequenas frases para completar seguindo uns modelos dados. Tamén se presentaron modelos para o alumnado de segundo de primaria aínda que eles mesmos decidían se collelo ou inventar un novo de todo.

Aínda que non se trataba dun concurso, os contos seleccionados léronse pola megafonía, na Hora de Lectura, durante toda a Semana das Letras Galegas. Ás rapazas e rapaces encántalles ler para todo o colexio aínda que a modo de crítica **algúns dos contos deberían estar un pouco máis ensaiados para que**, a pesar dos nervios de estar lendo en directo, **se entendesen perfectamente.**

\* **II Festival de Cancións Populares Galegas:** Tras a avaliación positiva do festival de cancións populares galegas que se celebrou o curso pasado, decidimos organizar a segunda edición, pero neste caso un grupo de alumnado que asiste a clases de música fóra do colexio encargouse da parte instrumental mentres que a parte vocal se distribuiu en dúas cancións cada curso, facendo un total de seis máis o himno galego. O festival realizouse en dúas quendas, debido ao alto número de alumnado.

O feito de que o público deixe de ser oínte para converterse en partícipe das actuacións, cantando as cancións que se están a tocar segue a dar bo resultado, se ben a distribución das cancións debería ser diferente, tal vez mesturándoas de forma que un grupo de cada curso cantase unha diferente para evitar que só se escoiten aos que están na parte de atrás ou na de diante.

A idea inicial era que un grupo alleo ao colexio viñese a cantar, ensaiando os nenos e nenas as cancións para acompañalos como público. Se se considera oportuno continuar facendo este tipo de festival pódese facer desta forma ou ben a modo de karaoke, proxectando vídeos con letra que se poden atopar en youtube.

### ⤴ **Realización de carteis informativos co nome das árbores do recinto escolar.**

Durante este curso, plantexámonos meternos de cheo na sinalización das plantas que se poden observar dentro do recinto escolar, comezando polas árbores, por ser as máis sobresaíntes. Despois de telo falado co Equipo de Horto Escolar, grazas á axuda concedida para a potenciación da lingua galega adquiríronse os taboleiros para escribir neles o nome de cada árbore e o material necesario para o seu debuxo e posterior barnizado.

Surxiu a idea de que nada máis comezar o curso que vén, poderíase convocar un concurso de rótulos co nome das diferentes árbores, de xeito que as persoas seleccionadas sexan as encargadas de debuxar o nome sobre a madeira. Outro alumnado podería colaborar máis adiante debuxando as follas da especie e barnizando a madeira.

Tamén se podería aproveitar este traballo para plantexar preguntas relacionadas co tema no club de amigos de Feirán, potenciando a curiosidade polo coñecemento do que nos rodea ao mesmo tempo que se emprega o galego como lingua de comunicación escrita.

### ⤴ **Colaborar nunha páxina sobre lendas.**

Aproveitando que fai un par de anos se recolleran lendas empregando as preguntas de Feirán, tras recibir un correo para colaborar nunha páxina web na que se quería dar a coñecer o noso patrimonio nese eido, puxémonos en contacto co administrador. Ao final só enviamos un resumo da lenda da torre de Hércules, pois analizando as lendas traídas polos rapaces, foran sacadas de outras páxinas que existen en internet, polo que non nos pareceu axeitado. Cultura Tradicional

### ⤴ **Visualizar as actividades mediante a revista virtual e a páxina web do colexio.**

É un dos obxectivos que podemos dicir que non cumprimos, xa que os nosos esforzos vanse na planificación e organización das actividades, non quedando apenas tempo para a súa publicación. Neste respecto teremos que plantexarnos o xeito de solucionalo, unha persoa do noso equipo que se encargue ou ben alguén de Tic a quen se lle encomende a labor de axudarnos neste aspecto.

## **6. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.**

No CEIP Emilia Pardo Bazán de A Coruña no curso 2013-2014 a CCP reuniuse un total de nove veces para tratar diversos temas.

Os puntos tratados foron os seguintes:

— Constitución da CCP, composición, diferentes equipos e comisión.

- Propostas de obxectivos da CCP e do DO para a PXA.
- Avaliación diagnóstica. Informes ás familias.
- Decisión de datas de avaliación, programacións, festivais, mostra de teatro , celebracións, rastrillo e saídas.
- Normas de organización e funcionamento.
- Información aos pais e nais que estean separados ou divorciados.
- Absentismo escolar.
- Observatorio de convivencia.
- Actas dixitalizadas.
- Medidas disciplinarias a un alumno de 6º de Educación Primaria , tres de 5º de Educación Primaria e protocolo de acoso escolar nunha clase de 6º de Educación Primaria.

Ademais de todos estes puntos, na CCP, o mesmo que nos claustros informouse das novidades que atinxen ao centro, así coma a posta en común das decisión e suxestións de saídas, das reunión de ciclo, co fin de que exista unha boa comunicación no centro.

## **7. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

### **NIVEL DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS**

#### **RESPECTO AO ALUMNADO:**

- Identificar e valorar as competencias e as necesidades educativas do alumnado do centro (avaliación psicopedagóxica) ► ACADADO.
- Diseñar, desenvolver e avaliar programas de intervención ► ACADADO.
- Elaborar materiais específicos para o tratamento das dificultades dos escolares ► ACADADO.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade ► ACADADO.
- Continuar elaborando materiais de rexistro, seguimento e avaliación do alumnado ► ACADADO.
- Desenvolver a conciencia fonolóxica dos cativos e cativas como actividade favorecedora da aprendizaxe da linguaxe verbal, nas súas expresións oral e escrita ► ACADADO.
- Diseñar un “programa específico personalizado de atención domiciliaria” dirixido a un alumno escolarizado en infantil con NEE ► EN PROCESO.

- Xestionar os recursos persoais, espaciais, materiais, económicos... da unidade de educación especial solicitada para un alumno de primeiro de educación primaria con NEE ► ACADADO.

### **EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS**

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e fillas ► ACADADO.
- Informar ás familias do alumnado con NEAE sobre a evolución e desenvolvemento educativo e persoal dos seus fillos e fillas ► ACADADO.
- Dar a coñecer ás familias os programas, as axudas, as actividades... que ofertan as diversas administracións e organizacións da comunidade educativa ► ACADADO.
- Seguir elaborando e aplicando o programa “Hábitos e Técnicas de Estudo”, dirixido ás familias do alumnado de educación primaria ► ACADADO ata 4º EP.

### **CON REFERENCIA AO EQUIPO DOCENTE**

- Colaborar co equipo docente no proceso de avaliación formativa do alumnado e na información ás familias ► ACADADO.
- Impulsar a participación do equipo docente en programas de formación, investigación e innovación educativa ► EN PROCESO.
- Elaborar e proporcionarlle materiais adaptados as súas demandas ► ACADADO.
- Axudar na elaboración dun “Protocolo de Resolución de Conflitos”, onde se definirán as actuacións a seguir cando o alumnado manifeste comportamentos disruptivos moi graves ► EN PROCESO.

### **RELATIVO AO CENTRO E A OUTRAS INSTITUCIÓNS**

- Revisar o plan de orientación, o plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial, e se é o caso, modificalo ► NON INICIADO.
- Participar na revisión dos proxectos educativo e curricular do centro ► NON INICIADO.
- Colaborar cos servizos que prestan atención socioeducativa e sanitaria ao noso alumnado, no marco dunha intervención interdisciplinar ► ACADADO.
- Coordinarse cos departamentos de orientación dos institutos, en especial con “Salvador de Madariaga” ► ACADADO.
- Continuar mellorando o sistema de arquivo do alumnado atendido ► ACADADO.

- ⤷ Completar o inventario e clasificación dos recursos materiais didácticos do departamento de orientación ► EN PROCESO
- ⤷ Colaborar nas actividades complementarias, facilitando e / ou potenciando a integración do alumnado con NEAE ► ACADADO.
- ⤷ Cooperar nas actividades dos distintos equipos de dinamizacións do centro educativo ► ACADADO.
- ⤷ Manter unha estreita coordinación entre os diferentes integrantes do departamento ► ACADADO.

## **8. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA.**

Neste curso renovouse parcialmente a representación do alumnado no Observatorio da Convivencia xa que un dos seus representantes rematou xa a Educación Primaria e nomeouse un novo responsable.

Con respecto á representación do alumnado, tras a votación, que neste curso correspondía ao alumnado de 5º nivel, resultou elixida Alba González López.

Na primeira xuntanza o director do centro, nomeou como responsable de dinamización do Observatorio de Convivencia Escolar a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Fernanda Patiño Costa, profesora de Pedagogía Terapéutica segundo o Decreto 85/2007 do 12 de abril, que crea e regula o Observatorio de Convivencia Escolar. Tamén acórdanse os obxectivos que se pretenden desenvolver dende o Observatorio de Convivencia para o curso 2013/14, entre eles están:

- ⤷ Continuar co desenvolvemento do Observatorio de Convivencia iniciado o curso anterior e as liñas básicas propostas dende os ciclos.
- ⤷ Continuar co Proxecto de centro "Educar para traballar en silencio sen ruido"; evitar ruidos nas entradas e saídas, nos traslados de aula, nos pasillos.
- ⤷ Revisar o Protocolo Xeral de prevención, feito pola xunta para prever e evitar o acoso escolar.
- ⤷ Continuar co control do absentismo escolar dende as titorías.
- ⤷ Buscar propostas de implicación e participación por parte de toda a comunidade educativa no desenvolvemento do Observatorio de Convivencia.
- ⤷ Elaborar dende os ciclos normas de convivencia xerais e definir condutas disruptivas.
- ⤷ Revisar e modificar o Protocolo de actuación ante as condutas disruptivas.

- ⤷ Tentar dar desposta a situacións conflictivas e problemáticas que poidan xurdir ao longo do curso.
- ⤷ Colaborar no reaxuste do Plan de Convivencia sempre que sexa necesario.
- ⤷ Proponer a formación da “Aula Cero” e “Aula de Convivencia” para alumnado con condutas disruptivas.
- ⤷ Proponer que profesorado de garda implicado (voluntario) se faga cargo das aulas citadas anteriormente.
- ⤷ Proponer que o profesor/a que expulsa a un alumno/a deberá mandar traballo baseado en técnicas de conduta ou outro tipo de traballo que vexa adecuado.
- ⤷ Creación da “Mediación Escolar” e dos “Mediadores” (mediación entre iguais).
- ⤷ Control exhaustivo e sistemático da xestión e acción tutorial maioritariamente nas sancións e expulsións do alumnado que lles corresponde.
- ⤷ Aplicación unificada das “Normas de Aula”. Coordinación e colaboración de todo o profesorado no cumprimento das citadas normas.
- ⤷ Desenvolvemento de diferentes actividades para a prevención e/ou solución de posibles conflitos que poidan xurdir no ámbito educativo.

Neste curso as incidencias con respecto a convivencia tiveron que ver co caso dun alumno de 6º curso de educación primaria, ao que dende Xefatura de Estudos, aplicóuselle unha medida disciplinaria: “permanecer durante unha semana fóra da aula ordinaria, traballando el só cun profesor/a que nese momento estivese libre”. Tamén houbo pequenos conflitos acaecidos no recreo e que foron resoltos satisfactoriamente polos titores/as correspondentes. Outras incidencias acaeceron a finais do curso escolar nunha das aulas de 5º de primaria que deron lugar á aplicación de sancións disciplinarias a catro alumnos/as. Pero o caso máis salientable foi a aplicación dun Protocolo de Acoso Escolar nunha das aulas de 6º curso de primaria, trala denuncia da familia dunha alumna, quedando resolto polo procedemento conciliado de resolución de conflitos.

Ademais no Departamento de Orientación, estívose a traballar na elaboración dun “Protocolo de Resolución de Conflitos”. Os coordinadores de ciclo elaboraron normas de conduta e pautas a seguir cando se presenta unha conduta disruptiva e chegaron a acordos conxuntos de actuación. Dende o Observatorio de Convivencia, entregóuselle material con información orientativa aos coordinadores de cada ciclo para a elaboración das normas de convivencia escolar: faltas, tipo de faltas, correccións, sancións, responsable,... así mesmo, actividades para traballar na aula a coeducación (normas de convivencia, educación en valores, habilidades sociais,...).



Educación infantil xa ten elaborado o seu Protocolo.

Por outra banda, en referencia ao absentismo escolar apréciase unha mellora na asistencia do alumnado á clase, aínda que hai que mellorar a puntualidade, a hixiene persoal, alimentación e o traballo fóra da escola. A Dirección considera que se debe levar un cómputo riguroso e diario das faltas de asistencia e comprobar coas familias cales poden ser xustificables e cales non. Incídese en que os titores/as deben ser existentes coas xustificacións das familias.

Na segunda xuntanza do Observatorio da Convivencia, a Orientadora do centro, informou que dende maio do 2013 existe o que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria chama “Protocolo de Acoso Escolar e Ciberacoso”. Con respecto a isto, dende o Departamento de Orientación, propónselle aos coordinadores a realización de Sociogramas dentro da aula como ferramenta tutorial para averiguar que rapaces son os máis aceptados, os líderes, os menos aceptados,... e a elaboración dun listado de síntomas que poden derivar en acoso escolar. Posteriormente, elabórase un borrador de Sociograma, borrador que foi revisado previamente nos ciclos, e logo foi aprobado. Ademais, realizouse un Sociograma, a modo de proba, nun curso de E.P. para ver a súa eficacia. Os resultados amosáronse aos coordinadores de ciclo na reunión do Departamento de Orientación onde acórdase realizar o Sociograma a principios da 2ª avaliación en 1º, 3º e 5º curso de EP. Debido a aparición de síntomas de rexeitamento e aillamento en dous cursos, realizáronse Sociogramas nos mesmos e abriúse un Protocolo de Acoso Escolar. Dende o Observatorio da Convivencia entregóuselle material á orientadora alusivo a este tema.

Finalmente, a valoración que se pode facer da convivencia no CEIP Emilia Pardo Bazán, é positiva xa que, aínda que moitos dos obxectivos propostos a principio de curso están en proceso, outros foron acadados satisfactoriamente.

## **9. MEMORIA DE BIBLIOTECA.**

### **9.1.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA.**

**A Comisión da Biblioteca** estivo formada durante este curso por quince profesores/as.

— Adquisición, xestión e organización de novos fondos:

Adquirimos novos documentos, tanto de información como de ficción, e tanto en soporte de papel como audiovisual ou informático. Dos fondos adquiridos catalogamos algo máis de 230

documentos. Realizouse tamén un expurgo de 120 documentos que estaban xa moi obsoletos ou deteriorados.

“Programa MEIGA”: Seguimos a empregar o programa “Meiga” de xestión bibliotecaria, para catalogar os novos documentos e xestionar os empréstitos.

Durante este curso, a partir da actualización da páxina web de REBECA (base de datos de rexistros bibliográficos do MEC, que funciona como fonte de recursos para a catalogación automatizada) orixináronse moitos atrancos neste proceso, dificultando o labor de catalogar, tendo que recurrir en moitas ocasións á catalogación manual, de xeito que hai que dedicar moito mais tempo para o rexistro dos documentos. A Asesoría de Bibliotecas Escolares é coñecedora deste problema pois recibiron queixas de moitos Centros e está a tratar de resolvelo, pero xa pasaron meses e aínda sigue o problema.

Proseguimos tamén este curso introducindo as portadas dos documentos no catálogo en Internet. É unha tarefa laboriosa pero pensamos que compensa o traballo, xa que axúdanos a nós a localizar con máis facilidade o documento e tamén aos alumnos, e dá unha visión máis completa.

### **Préstamos:**

Preparamos os novos carnés de lector para o alumnado e profesorado que chega por primeira vez ao Centro e tamén para os que o perderon. Ademais asignouse a cada número de carnet o curso e aula que lle correspondeu ao seu dono este curso escolar.

Continuamos coa mesma política de préstamos que seguimos ata agora. O 23 de outubro abríuse a Sala e a partir de entón mantívose aberta durante toda a xornada escolar (de 9 a 14 h.) e pola tarde, de 16 a 18 h. (agás o luns) atendida polo profesorado de garda. Efectuáronse préstamos durante o recreo e pola tarde; tamén os titores prestaron ás súas titorías.

Realizáronse algo máis de 2.200 préstamos. Houbo unha moi notable afluencia de alumnos no recreo e poucos pola tarde.

## **9.2.- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS. INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

### **- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS**

#### **►Exposicións temáticas:**

- **Exposición de Novidades de Outono**, coa que abrimos a B.E. no mes de outubro.

- **Exposición sobre o Medo**, que sempre ten moi boa acollida por parte do alumnado.

— **Exposición de Nadal**, no mes de decembro.

— **Exposición de Novidades de Inverno**, a partir do mes de xaneiro.

— **Exposición “Unha horta na escola”**, a partir de abril.

— **Exposición de Novidades de Primavera**.

#### ► **Concurso de marcapáxinas:**

En conmemoración do X aniversario do Proxecto Lector do Centro, a B. E. organizou un concurso de marcapáxinas para Infantil e Primaria. O elexido editouse para entregar un a cada alumno ao final de curso.

#### ► **Encontros con autores:**

— O alumnado de Infantil (5 anos) despois de traballar o conto “O peizoque Roque” mantivo un encontro coa súa autora **Dores Tembrás**.

— Sesión de contacontos dos alumnos de Infantil (4 4 5 anos) co escritor **Inacio Vilariño**.

— O alumnado do 1º Ciclo mantivo un encontro co ilustrador e mago **Gustavo Otero**.

— O alumnado de 3º participou nun encontro con **Carmen Baz**, autora de “Érguete”.

— O encontro literario do alumnado de 4º foi co escritor **Manuel O’Rivas**, autor de “O raposo e a mestra”.

— Encontro do alumnado de 5º e 6º con **Antonio Manuel Fraga** despois de ler o libro “O castaño de abril” e **Gonzalo Moure**, autor de “Palabras de caramelo”.

#### ► **Libro de firmas**

Mercouse un libro con follas en branco para que os escritores, ilustradores,... que nos visiten poidan estampar a súa firma ou deixarnos algunha ilustración como lembranza da súa visita.

#### ► **Colaboración coa Biblioteca Municipal de Los Rosales:**

— A B. E. colaborou coa B. Municipal enviándolles as Guías de Lecturas coas recomendacións para as vacacións. Con elas, confeccionaron uns expositores cos libros recomendados nelas para seguir animando á lectura durante os períodos vacacionais.

— No 1º trimestre, varias bibliotecarias da B. Municipal ofreceron na nosa B. E. unha sesión de contacontos aos alumnos de 1º.

#### **► Uso da Sala da B.E. como centro de recursos:**

- Uso da Sala para presentar e desenvolver diversos obradoiros, actividades de xestión académica, encontros con autores, etc,...
- Utilización dos ordenadores e uso de internet.
- Consulta do catálogo da B.E. en internet.
- Uso de xogos de xadrez no recreo, actividade que tivo unha notable demanda.

#### **► Materiais producidos:**

- **Guías:**

Entregáronse dúas guías de lectura para o alumnado e o profesorado, unha antes das vacacións de Nadal e outra antes das vacacións de verán .

- **Marcapáxinas**

- **Revista dixital:**

Participación na revista dixital do Centro coa elaboración de varios artigos:

- Lecturas para o Nadal
- Lecturas para o verán
- Diplomas “Leóns Dourados” 2014

- **Diplomas “Leóns Dourados”:**

Elaboramos os Diplomas para os “Leóns Dourados”, que se entregan a aqueles alumnos /as que se distinguen pola súa participación lectora na B.E.

Entregamos dous por ciclo. Nun acto ao fin de curso entregouelles un obsequio como premio aos máis lectores da B.E., xunto co diploma.

### **- INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULUM E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

- Realizáronse préstamos ás aulas de documentos relacionados con temas do currículo.
- Utilizouse a B.E. para facer as buscas de información que necesitou o alumnado en temas vinculados ao currículo e de cara a desenvolver as súas competencias lectoras, escritoras e das TIC.

### **9.3.- FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL**

Realizáronse visitas á B.E. do alumnado (especialmente dos primeiros niveis) acompañados dos seus titores/as para que vaian coñecendo o espazo físico, a organización dos documentos, e os servizos que ofrece.

Utilizouse asimesmo a B.E. para realizar buscas de información e investigación.

### **9.4.- FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO**

Continuamos co “Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida” e colaboramos na elaboración do Plan Anual de Lectura.

(Ver Memoria do Plan Anual de Lectura)

Cúmprese este curso o 10º aniversario do inicio do Proxecto de Lectura do noso Centro (2003-04), que comezou a difundirse fóra do Centro nos primeiros encontros do Plan de Mellora de B. E. A inclusión dun tempo para a lectura e a elaboración dos Proxectos Lectores de Centro, como determina a normativa curricular desde 2007, axudou a espallar a iniciativa do noso Centro, que hoxe se leva a cabo en practicamente todos os centros de primaria de Galicia e uns 50 institutos de ensino secundario. Así o acaba de recoñecer a Asesoría de Bibliotecas Escolares da Xunta no seu blog do mes de xuño.

### **10. MEMORIA DA COMISIÓN TIC.**

Obxectivos propostos na PXA: análise, valoración e propostas de mellora

— *Prestar apoio no mantemento dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona e da UAC.*

A UAC acudiu ao centro nunha ocasión durante todo o ano. O resto das numerosas incidencias foron solventadas polos membros desta comisión. Iniciouse unha limpeza de po en todas as PC do centro. Xa foron aspiradas as de Ed. Infantil. Quedan pendentes as Ed. Primaria, que se esperan limpar antes de que remate o curso.

Propostas de mellora: aumentar, na medida das posibilidades, as horas de disposición ao centro dedicadas ás TIC por parte dos membros desta comisión.

— *Evitar a sobrecarga de arquivos e documentos almacenados nos equipos comúns do colexio.*

Ao comezo do curso informouse ao claustro da intención da Comisión de dinamización das TIC de realizar unha limpeza trimestral das PC comúns do centro. Unha vez posta en marcha esta

medida, constatamos que, dentro das limitacións destes ordenadores, o seu funcionamento mellorou.

Propostas de mellora: seguir con esta iniciativa o curso que vén.

— *Desenvolver actividades de formación puntuais entre e para os membros da Comisión de dinamización das TIC.*

Ao longo de todo o curso, aproveitando media hora do tempo dedicado ás reunións dos niveis, desenvolvéronse sesións de formación dirixidas ao profesorado de Ed. Infantil. Centráronse fundamentalmente no uso das ferramentas do EDI: calibrado, software propio para a escritura, recoñecemento de texto, manexo de imaxes... As sesións foron tratando ciclicamente estes temas.

Ademais disto, xurdiron necesidades de formación no ámbito do manexo da aula virtual. Dada a escaseza de orzamento neste aspecto, tratamos de buscar poñentes que, de xeito desinteresado, acudisen a impartir unha clase sobre o tema. Ao final, tivemos dúas sesións con cadanseu relator.

Propostas de mellora: antes da finalización do mes de xuño, formalizaremos a preinscrición nun Plan de formación permanente do profesorado. Logo, ao comezo do vindeiro curso, valorarase a posibilidade de seguir adiante con esta modalidade de formación. Nun primeiro momento, proporemos dous itinerarios (en función do nivel de destrezas do profesorado en materia de TIC): un básico (que inclúa o traballo no dominio das competencias esenciais para o manexo das ferramentas TIC) e outro máis avanzado (que profunde na introdución do uso da aula virtual no noso centro, publicación de prácticas educativas na rede...). De non poderse concretar o Plan de formación, estes dous itinerarios pódense reformular en dous grupos de traballo ou seminarios permanentes, cun número de mestres reducido en cada un deles.

— *Colaborar no deseño e desenvolvemento de actividades TIC por parte do profesorado que o solicite a través titorías individuais e grupais.*

Desde a comisión, pretendiamos que todo o profesorado soubese a quen acudir no caso de ter unha necesidade de apoio técnico ou formativo. Durante o curso, fóronse producindo solicitudes de asesoramento que se ían resolvendo por parte dos membros da comisión: edición de vídeo ao profesorado da Comisión de dinamización do horto, creación de DVD a partir de varios arquivos de vídeo ás persoas encargadas do teatro, mantemento da conta de correo electrónico...

Propostas de mellora: seguir adiante con esta medida para o vindeiro curso.

— *Seguir dinamizando a publicación de contidos de actualidade sobre o colexio a través da revista dixital.*

Constatamos unha redución no número de publicacións. Ao comezo de curso decidimos non

crear un seminario permanente encargado de dinamizar a revista e isto repercutiu negativamente.

Propostas de mellora: manexamos varias posibilidades. Unha, poñer en marcha un grupo de traballo (no seo da comisión ou integrando a outros membros externos) que se dedique en exclusiva a dinamización de artigos; dúas, buscar unha plataforma máis actual para a revista; e, tres, reformular o sentido da páxina web do centro, simplificándoa e converténdoa no sitio que agrupe tanto a información institucional e de servizo, coma a de carácter educativo (actividades dos cativos, vídeos de conmemoracións...).

— *Colaborar co equipo do horto escolar na creación e publicación de material audiovisual.*

Desde esta comisión, fóronse atendendo as inquiredanzas e necesidades que, desde Comisión de dinamización do horto, se comunicaron: asesoramento na edición de vídeo, manexo de imaxes, publicación no blog de Voz Natura... Mais, nesta axuda, atopamos algún atranco (por exemplo: o propio blog non permite subir contidos moi pesados e, por iso, houbo dificultades para publicitar os vídeos). A coordinadora da Comisión de dinamización do horto cre que a colaboración entre as dúas comisións podería ser máis efectiva.

Propostas de mellora: desde a Comisión de dinamización do horto deben explicitar cales son as necesidades concretas que, no ámbito das TIC, vaian xurdindo (por exemplo, crear e publicar un vídeo trimestral cos coidados na horta). Estas accións, segundo a coordinadora, deberían ser asumidas pola Comisión de dinamización das TIC ou por outros membros da do horto.

— *Plasmar noutros soportes, ademais do informático, actividades no colexio documentadas no ámbito das TIC.*

Non foron postas en marcha actividades encamiñadas a conseguir este obxectivo.

Propostas de mellora: temos que incidir máis neste punto, pero non só referido ás actividades relativas ao ámbito das TIC, senón a todos os eidos educativos.

Todas estas propostas de acción van encamiñadas a resolver as dificultades atopadas na consecución dos obxectivos TIC na PXA. Mais, estes atrancos non son os únicos. Este curso realizamos unha enquisa ás familias para coñecer cales eran o acceso, uso e actitudes destas cara as TIC e da que xurdiron novas inquiredanzas e **potencialidades**. Debemos asumir coma unha gran oportunidade os seguintes aspectos:

— *Unha moi ampla maioría das familias contan con algunha ferramenta TIC e dispoñen de acceso á Internet.*

— *Bastantes nenos e nenas do colexio, fundamentalmente no 3º ciclo de Educación Primaria, dispoñen de teléfono móbil. No caso do 6º curso, un pouco máis da metade contan con un destes dispositivos. Smartphone, os mais; móbil convencional, os menos.*

— *Na Educación Infantil e nos primeiros cursos da Educación Primaria, os ordenadores e tablets úsanse esencialmente para xogar. Nos últimos cursos da Educación Primaria, esta preferencia vaise igualando con outra: buscar información.*

Ademais disto, cos resultados da enquisa na man tamén aparecen algunhas **dificultades**:

— *Un gran número de familias cre importante o uso das TIC na educación, pero máis da metade considera que no noso centro se utilizan pouco.*

Propostas de mellora: o cambio nesta percepción das familias pasa por poñer en marcha accións de formación dirixidas ao máximo número de mestres. Unha das medidas a tomar a este respecto pasan por potenciar a formación no eido das TIC. Diso xa se comentou algo máis arriba.

— *Malia a presenza xeneralizada de ferramentas TIC con acceso á Internet, máis de dous terzos das familias non controlan a navegación dos seus fillos e fillas con software ningún.*

Propostas de mellora: debemos, desde a comisión, ofrecer información ás familias sobre os diferentes programas de control parental existentes tendo en conta dúas premisas: deberá ser un software libre e lixeiro.

— *A páxina web e revista dixital do colexio valóranse positivamente. Non obstante, un chisco máis da metade das familias non visita nunca a revista.*

Propostas de mellora: xa se comentaron máis arriba as propostas de mellora neste sentido.

## **11. MEMORIA EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (EACE).**

En base ós obxectivos propostos para a PXA ó inicio do curso escolar 2013-2014 que estamos a rematar, consideramos que se alcanzaron os obxectivos propostos.

1º Utilizamos as actividades propostas por este Equipo co fin de fomentar a formación e a participación dos alumnos deste centro. Para iso realizáronse as seguintes actividades:

— Festa de inicio de curso.

— En Educación Infantil viron a representación da obra “Rodari Rodari” polo grupo Urdume.

— En Educación Primaria organizamos unha serie de xogos no patio do colexio despois da hora do recreo. Este curso completamos os xogos cun taller de maquillaxe.

— **Festa do Magosto**

Organizouse o asado das castañas para todo o colexio. Leváronse as castañas para os nenos de E. Infantil para o seu patio, onde houbo a visita dos castañeiros e baile.



Os nenos de E. Primaria baixaron en dúas quendas para comer as castañas e participar nunha búsqueda da castaña que rematouse coa entrega de caramelos por parte dos titores. Esta búsqueda cambiouse de día polo mal tempo.

Xunto co EDLG houbo un concurso de zonchos.

Elaboramos o mural da entrada do colexio e unha pequena mostra de froitos do outono. Tanto mural como a exposición de froitos fíxose nas tres linguas que se estudian no colexio: galego, castelán e inglés.

### — **Festa do Nadal**

Organizamos unha mostra de cancións de Nadal e pequenas pezas de teatro.

O mural fíxose coas aportacións de cada titoría, o conxunto de todas elas foi a felicitación do colexio.

En E. Infantil houbo unha pequena mostra de panxoliñas.

### — **Día da Paz**

Este curso adicamos este día á figura de Nelson Mandela, elixindo unha frase para o noso mural.

Elaboramos un mural coas aportacións de todas as clases sobre a visión de que é a paz, baseado no libro “A paz é”. Todos xuntos cantamos a canción “Toc Toc”

### — **Entroido**

Organizamos a festa do Entroido co lema elixido “As estacións”. Cada nivel disfrazouse dunha estación, empezando polo terceiro ciclo que o fixo de primavera.

No mural da entrada houbo debuxos dos disfraces ou alusivos aos mesmos.

Houbo tamén murgas e desfile polo patio do colexio dos nenos de E. Infantil e E. Primaria

Rematamos coa degustación de produtos típicos destas datas, para o que contamos coa colaboración da ANPA.

### — **Rastrillo Solidario**

Coa axuda na coordinación da orientadora Remedios Lamela e a colaboración de todo o profesorado do colexio, organizamos o Rastrillo Solidario.

O diñeiro recaudado deuse a ONG “Banco de alimentos Rias Altas”

### — **Letras Galegas**

Elaboramos o mural da entrada aproveitando o que xa tiñamos e poñendo os carteis sobre o personaxe ó que se lle dedica este ano ese día.

En E. Primaria houbo unha mostra de música popular.

### — **Semana do teatro**

Houbo unha pequena mostra de pezas de teatro os días 9, 10 e 11 de xuño.

Xunto coa profesora María Boado organizamos que cada nivel tivera, polo menos, unha pequena representación de teatro.

Rematamos coa tradicional festa de xogos e inchables que aportan a ANPA deste colexio.

Ademais, este equipo tratou de colaborar sempre en todas aquelas actividades que así llo demandaron.

## 11.1. MEMORIA DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O alumnado do noso colexio participou nunha serie de actividades complementarias: algunhas tiveron lugar fora do centro e outras leváronse a cabo nas instalacións do colexio.

A maioría das actividades nas que participamos forman parte do programa “Coruña Educa” que oferta o Concello da Coruña. Participamos nos seguintes programas municipais:

-”**Concertos Didácticos**”: participaron todos os nenos e nenas desde catro anos de Infantil ata 6º de primaria.

-”**Programa de Teatro Todo Público**” (lévase a cabo no Forum Metropolitano e no teatro Rosalía de Castro): participan o Primeiro Ciclo e o Terceiro Ciclo.

-”**Rutas Urbanas Animadas**” (percorridos a pé pola cidade, coa finalidade de coñecer lugares emblemáticos de Coruña). Participou o alumnado do 2º nivel de Primaria (visitaron a Praza de Maria Pita)

-”**Programa Visitas** (a instalacións culturais, empresas,.. da cidade). Participaron os alumnos do 3º nivel (Museo de Belas Artes), 5º nivel (Museo Arqueolóxico de San Antón) e 6º nivel (Torre de Hércules). O programa “Visitas” é un dos poucos programas gratuítos xa que o Concello faise cargo do transporte.

-”**Medio Ambiente**”: Participa o alumnado do 5º nivel no programa “A ruta da Auga”, así como o alumnado do 3º nivel nos obradoiros que tiveron lugar na Casa da Auga (para celebrar o día da árbore)

-”**Proxecto Semente**”: participa o alumnado de Relixión do 6º nivel de Primaria.

Dentro da Programación Municipal solicitouse a participación (para o Primeiro Ciclo) nos programas “Educación Vial con circuito” así como “Educación en Valores: As enfermidades raras van ao Cole”. Estes programas non se puideron levar a cabo, xa que non responderon a nosa solicitude de participación.

Ademais dos programas municipais “Coruña Educa”, fixéronse outras actividades:

— Visita ao Museo da Ciencia e da Tecnoloxía (alumnado do 3º ciclo de

primaria)

- Visita a Residencia “Padre Rubinos” (alumnado de Relixión do 3º ciclo)
- Vista as Cocheiras Municipais (alumnado do 4º nivel)
- Obradoiros de cerámica en “Cerámicas do Castro” (alumnado do 4º nivel)
- Representacións no Teatro Colón do Centro Coreográfico (Terceiro ciclo)
- Visita a Fundación M. Jose Jove (alumnado do 3º ciclo)
- O grupo de Teatro participa por segunda vez no Concurso “Candilexas/Don Bosco” que ten lugar no Colexio Calvo Sotelo, coa obra “O Crebanoces” acadando o primeiro premio na categoría benxamín e mailo premio ao mellor actor

Outras actividades tiveron lugar no Colexio:

- Teatro en Inglés para E. Infantil e E. Primaria.
- ”Plan Rúa”: obradorio para nenos e nenas de 5 anos de E. Infantil.
- ”Encontros cos autores” e outras actividades diversas (Contacontos...)

Nas saídas de fin de curso tratouse de acercar ao alumnado a un entorno diferente do urbano:

- Educación Infantil visitou a granxa: “A casa do Queixo”
- O primeiro ciclo de Primaria visitou a granxa: “Casa Grande de Xanceda”
- O alumnado do 3º nivel de Primaria: os Parque do Pasatempo, en Betanzos.
- O alumndo do 4º nivel de Primara, a granxa escola de Beelle.
- O alumando do 5º nivel de Primaria: visita cultural a Santiago de Compostela.
- O alumnado do 6º nivel estivo no Albergue de Alvarella (no Parque Natural das Fragas do Eume).

Nas distintas reunións (Ciclo, CCP, Consello Escolar...) que tivemos este curso falouse da problemática que supón a non participación dalgúns alumnos nestas actividades.

## **11.2. MEMORIA DO HORTO ESCOLAR**

A comisión do horto escolar considera que se cumpriron satisfactoriamente os obxectivos que pretendíamos lograr no presente curso escolar.

Hai que destacar a satisfacción con que os alumnos/as de Educación Infantil realizaron as diferentes tarefas no horto que se acondicionou durante este curso no seu propio patio de recreo. Este feito facilitou que o alumnado poidese facer un seguimento diario da evolución dos cultivos.

O feito de que cada aula contase coa súa propia parcela e total autonomía para a selección de cultivos levou a unha grande variedade e de moita vistosidade e colorido.

Conseguiuse nesta etapa o seu aproveitamento como recurso educativo, sendo un elemento globalizador das diferentes áreas de coñecemento.

As zonas de cultivo da etapa de primaria resultaron bastante extensas para o seu mantemento, polo que teremos que considerar a distribución e os cultivos cara o próximo curso.

A resposta do alumnado foi moi satisfactoria e a motivación está garantizada pero o maior problema é o número de alumnos que impide que realicen tódalas sesións que nos gustaría para un mellor aproveitamento didáctico.

Un dos obxectivos prioritarios era o de educar na sensibilidade ambiental contribuíndo ao coidado e mellora do noso medio.

Percibimos que pouco a pouco os alumnos aprenden como se cultivan as diferentes verduras e hortalizas ademáis das diferentes plantas ornamentais.

Seguimos co proxecto das plantas aromáticas: plantando, coidando e valorando as súas propiedades e utilidades.

Consideramos que mellorou o respecto das zonas recuperadas do patio e o labirinto xa se converteu nunha zona preferida de xogo no recreo e tamén destaca o aproveitamento para facer psicomotricidade. O disfrute dese espazo fai que se considere necesario o seu mantemento e posible ampliación.

Cando o alumnado leva os produtos cultivados para a súa casa co compromiso de consumilos, tentamos promover hábitos saudables e respetuosos co medio.

Resultou moi interesante a exposición que se fixo no outono dos froitos recollidos e que visitaron os diferentes cursos para seguir con actividades de aula .

As visitas de observación para ver como responden as plantas ante os cambios metereolóxicos resultaron interesantes .

Seguindo o calendario de cultivos do horto e atendendo as características de cada planta plantexamos a variedade, comparando o cultivo exterior e no invernadoiro.

Fixéronse varias visitas ao horto para observar a evolución dos diferentes cultivos e familiarizarse con eles.

As actividades foron numerosas, destacando as seguintes:

— Preparación da terra.

— Plantación de: nabos, repolos, allos, romanesco, patacas, cebolas, escarolas, leitugas, fabas, xudías, chícharos, tomates, pementos, sandías e calabacíns.

- Limpeza, coidado, conservación e ampliación do labirinto cunha gran implicación por parte do alumnado.
- Plantacións de bulbos e plantas ornamentais en distintas zonas do patio.
- Coidado e plantacións no pequeno “VIVEIRO” para conseguir novas plantas para o recinto escolar.
- Recollida de materia orgánica para facer compost.

Todas estas actividades desenvolvéronse contando coa participacións de tódolos titores/as e as coordinadoras de cada e ciclo.

Temos que destacar o interese que manifesta o alumnado por este tipo de actividades que na maioría dos casos serve como fio conductor para introducir os diferentes contidos do currículo.

## **12. MEMORIA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

### **12.1. TRANSPORTE ESCOLAR**

Durante este curso utilizaron o servizo de transporte escolar da Consellería de Cultura, Educación e O. U. un total de 16 alumnos/as residentes no Portiño.

### **12.2. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, PROGRAMA DE MADRUGADORES E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

A ANPA xestiona os servizos de Comedor, Madrugadores e Actividades Extraescolares, e colabora noutras actividades.

#### **SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR E PROGRAMA DE MADRUGADORES**

O contrato coa empresa EUREST finalizou o pasado curso 2012-2013 e a nova Xunta Directiva da ANPA decidiu estudar outras ofertas e finalmente contratar os servizos coa empresa Jardanay para o curso 2013-2014. Dita decisión tomouse baseándose na calidade dos menús, na atención e nas facilidades para a xestión que esta empresa nos ofreceu.

Esta empresa foi a encargada de prestar os servizos de madrugadores e de comedor, xestionando os menús e o persoal. Os dous servizos supoñen un apoio importante á conciliación familiar e laboral das familias dos nenos e nenas que acoden ao centro.

Como novidade, esta empresa prepara bolsas de pícnic para os nenos de comedor que van de excursión. Tamén se encargan de solicitar en nome da ANPA a subvención da Xunta.

A relación coa empresa Jardanay foi moi satisfactoria: a comunicación con eles foi moi

fluida e houbo información e resposta rápida a calquera demanda. A atención da coordinadora foi excelente e a empresa encargouse de labores administrativos que ata agora tiña que facer a ANPA.

### **12.2.1. PROGRAMA DE MADRUGADORES**

O Concello subvenciona unha parte do custo deste servizo, afectando ao importe mensual que paga cada familia.

Durante este curso utilizaron este servizo 70 alumnos/as aproximadamente nas modalidades de fixo mensual ou turnos (dúas semanas ao mes), todas elas con ou sen almorzo. Tamén houbo usuarios esporádicos, chegando a usar o servizo nalgún momento case 100 nenos/as. A media de asistentes diarios foi de 64.

	Educación infantil	Educación primaria
Fixo 5 días	21	38
4 días	2	3
3 días	5	1

### **12.2.2. PROGRAMA DE COMEDOR**

A Xunta, ata o de agora, subvencionou unha parte deste servizo no curso escolar seguinte ao que se recibe. No mes de xuño estanse a repartir os cheques correspondentes á subvención do curso 2012-2013.

O total de comensais ao longo do ano foi de 210 nas opcións de fixo ou fixo discontinuo. O servizo ofrece tres opcións: fixo mensual, fixo discontinuo e esporádico.

A media de asistentes diarios ao comedor foi de 183 alumnos/as ao día (datos de maio do 2014).

Hai 51 usuarios esporádicos dos servizos de Madrugadores e Comedor: 19 de infantil y 32 de primaria.

Usuarios fixos de comedor:

	<b>INFANTIL</b>	<b>PRIMARIA</b>
5 días	69	105
4 días	6	8
3 días	5	7
2 días	3	2

1 día	2	3
-------	---	---

O servizo préstase en dous espazos diferenciados para nenos de infantil e de primaria.

Os monitores recollen aos nenos de infantil no colexio azul e aos de primaria no Salón de Usos Múltiples e os levan ao comedor, no colexio de primaria. Alí os/as nenos/as lavan as mans antes de sentarse a comer. Logo do servizo de comedor lavan os dentes e saen ao patio ou ao ximnasio se chove. Hai un turno de entrega de nenos/as ás 15.25 e outro a partir das 15.45. Se os pais non chegan a tempo para recollelos/as, quedan na biblioteca agás os luns que quedan coa coordinadora do comedor. As familias teñen á súa disposición o teléfono da coordinadora para avisos e informacións, por medio de chamadas ou mensaxes.

### **13. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

O longo deste curso participaron ao redor de 230 nenos e nenas en distintas actividades. Como moitos deles repiten en máis dunha actividade, o número total de inscricións en actividades é de case 350.

#### **13.1. ACTIVIDADES CREATIVAS E DE MOVEMENTO AXIÑA**

Continuamos co programa de actividades extraescolares ofertado pola empresa de tempo libre AXIÑA, S.L. Os totais por actividade foron:

Actividade	Total participantes
Judo	32
Teatro	35
Artes plásticas	12
Xogos de mesa e tradicionais	15
Cociña	20
Zumba (novidade do curso 2013/2014)	20
Informática (novidade)	20
Playing xogos (novidade) – Infantil e 1º ciclo de Primaria	15
<b>TOTAL ACTIVIDADES AXIÑA</b>	<b>169</b>

Con algunhas altas e baixas, mantívose a matrícula ao longo do ano. Nas actividades con máis de 20 participantes (Teatro e Judo) hai dous monitores, que dividen o grupo por idades. No resto, os monitores adaptan as actividades ás distintas idades dos participantes.

En xeral todas as actividades teñen unha valoración positiva na súa acollida, desenvolvemento e resultados. Podemos resumir a consecución de obxectivos do programa do seguinte xeito:

- Proporcionar disfrute persoal.
- Despertar creatividade, participación, iniciativa e maxinación.
- Desenvolver habilidades ou técnicas propias de cada actividade (expresión e dominio corporal, motricidade fina, aprendizaxe de normas, hábitos hixiénicos relacionados coa comida, ...).
- Socializar e educar en valores: desenvolver habilidades para a interacción cos demais, o respecto, o compañerismo, a convivencia, a tolerancia, o valor do esforzo e a mellora, a autoestima, o orde e a organización, etc.

Fixéronse dúas exhibicións relevantes: Nadal e Fin de curso. Participamos na mostra de actividades do Forum Metropolitano.

A relación coa empresa Axiña foi moi satisfactoria, sempre responderon a todas as nosas demandas rápida e correctamente e houbo moita comunicación.

## **13.2. ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

As actividades deportivas ofertadas pola ANPA durante este curso foron: fútbol-sala, baloncesto, ximnasia rítmica e hóckey. Tamén ofertáronse judo e zumba (comentadas no apartado anterior debido a que son xestionadas pola empresa Axiña).

